

A XESTIÓN ECONÓMICA DO PSOE SITÚA O CONCELLO DE CUNTIS ÁS PORTAS DA INTERVENCIÓN POR PARTE DO MINISTERIO DE HACIENDA

- *O Alcalde Manuel Campos é consciente da delicadísima situación financeira do Concello de Cuntis, froito dunha xestión económica irresponsable. O PSOE está a despregar unha intensa campaña publicitaria destes orzamentos, síntoma da necesidade de ocultar as súas carencias.*
- *A xestión económica está marcada polas débedas a provedores municipais que se amontoan na conta 413 da contabilidade: facturas que o PSOE mantén sen pagar dende o ano 2017 e que superan, segundo o Informe de Intervención, os 790.000 euros.*

Cuntis, 7 de febreiro de 2022

O Pleno da Corporación de Cuntis aprobou o pasado xoves, cos únicos votos do grupo de goberno, o Orzamento Municipal para 2022. O PSOE está a despregar unha intensa campaña publicitaria destes orzamentos, síntoma da necesidade de ocultar as súas carencias. Nesta estratexia nin sequera renuncia á mentira: **afirma que incorporou as propostas dos grupos da oposición cando isto é ROTUNDAMENTE FALSO.**

O Alcalde Manuel Campos é consciente da **delicadísima situación financeira** do Concello de Cuntis, froito dunha xestión económica irresponsable, como así llo veñen advertindo os sucesivos informes dos propios técnicos municipais nos últimos meses. Tanto é así que **o concello atópase ás portas da intervención por parte do Ministerio de Hacienda.** O Orzamento Municipal deste ano contempla un total de 4'6 millóns de euros, cifra que acada debido á subvención 'ReacPon' da Deputación de Pontevedra para a obra das rúas do Espadenal. O documento contempla unha previsión de ingresos "**sobredimensionada**", **como sinala o informe de Intervención Municipal.** O Grupo Socialista escúsase, como xa o facía o ano pasado, na inminente regularización do Polígono da Ran, malia que **no que vai de legislatura non presentou nin un só papel que demostre os avances dos traballos.** A Corporación Municipal unicamente sabe o que di a propaganda de Alcaldía, pero **en ningún momento foi convocada para recibir información ningunha nin se lle presentou convenio ningún,** tal e como lembraba o voceiro de Veciñanza Santi Martínez no pleno do pasado xoves.



A xestión económica está marcada polas débedas a provedores municipais que se amontoan na conta 413 da contabilidade: **facturas que o PSOE mantén sen pagar dende o ano 2017 e que superan, segundo o Informe de Intervención, os 790.000 euros.** Ante esta situación, e ante o reiterado incumprimento do Período Medio de Pago a Provedores (**a lei fixa un máximo de 30 días, o Concello de Cuntis sitúase por riba dos 200**), o Ministerio de Hacienda obriga ao Concello de Cuntis a acollerese ao Fondo Extraordinario de Pago a Provedores, que consiste nun crédito con intereses para liquidar as débedas contraídas e que implica un plan de axuste. **O que popularmente se coñece como unha intervención.** Compre sinalar que a decisión de non pagar esas facturas acumuladas nin reservar crédito nos orzamentos municipais é unha decisión política do PSOE, que puido liquidalas en tempo e forma. Boa parte destas facturas teñen un marcado carácter electoralista e débense á non formalización de contratos nin convenios con provedores de obras e servizos. Dito doutro xeito: un procedemento de contratación reiteradamente irregular.

Nestes momentos, o Concello de Cuntis presenta unha débeda viva de 415.000 en préstamos sen intereses con outras institucións (nomeadamente o IDAE e a Deputación de Pontevedra). Nos vindeiros meses deberá subscribir dous préstamos máis, **con intereses:**

- un co Ministerio de Hacienda para liquidar as facturas pendentes da conta 413 (o importe a fin de 2020 achegábase aos 800.000; o peche de 2021 incrementará notablemente esta cantidade)
- e outro cunha entidade bancaria para reverter o Remanente de Tesoureiría Negativo, froito do desfase entre ingresos e gastos (roldará os 200.000 €).

A credibilidade do Alcalde en materia económica atópase gravemente danada logo de **non cumprir nin un só dos acordos pactados con Veciñanza o exercicio anterior, como por exemplo era o inicio da licitación do PXOM**, que tampouco contemplan estes orzamentos. Ademais, o cadro de investimentos do ano anterior atópase tamén sen cumprir na súa totalidade. Ademais, estes orzamentos reflexan a carencia dun proxecto de vila do PSOE para Cuntis. Ante a ausencia de desenvolvemento industrial, o Goberno Municipal non ten alternativa. Cunha grave crise demográfica, sen ordenación urbanística e sen un aproveitamento óptimo do potencial turístico e patrimonial.

A xestión económica do PSOE hipoteca o futuro de Cuntis a fin de que o Alcalde garanta a súa propia promoción política. Susténtase na propaganda, no autobombo e na mentira mentres mantén ordenanzas fiscais sen actualizar (o que dana gravemente a estrutura de ingresos), servizos continuados sen contrato (o que provoca o abuso dos procedementos de pago de facturas irregulares), prazas vacantes sen convocar e provedores municipais sen cobrar.

